



Concello de A Pobra do Caramiñal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

TENDO en conta o inicio da tempada estival, na que este concello ve incrementada notablemente a súa poboación debido ao número de turistas que se achegan ao noso pobo para pasar as súas vacacións e asistir ás diversas festas e romarías que o longo destes meses se celebran no concello, é necesario a contratación de auxiliares de Policía Local para que reforcen a plantilla municipal de maneira puntual nestas datas.

CONSIDERANDO as atribucións conferidas polo artigo 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril,

RESOLVE:

Primeiro: Aprobar as bases para a selección con carácter laboral temporal de cinco auxiliares de policía local.

Segundo: Publicar ó correspondente anuncio coa convocatoria no diario de maior tirada, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica, e outorgar un período de 10 días hábiles para a presentación de instancias.

Terceiro: A selección deste persoal rexerese en todo caso polas bases ás que neste intre se lles presta aprobación.

Cuarto: Da presente resolución darase conta ao Pleno da corporación na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice.

A Pobra do Caramiñal, á data da sinatura dixital

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

BASES PARA CONFECCIONAR UNHA LISTA PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL

1º.-OBJECTO:

A regulación do procedemento para a cobertura con carácter temporal de cinco postos de auxiliar de Policía Local que desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio ós membros do corpo de Policía Local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade. A contratación formalizarase mediante contrato eventual por circunstancias da produción cunha duración estimada de catro meses, sendo as retribucións mensuais brutas de 1.248,47 euros.

2º.- SISTEMA DE ACCESO:

O sistema de acceso é o de oposición libre.

3º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS

Para poder tomar parte na oposición será necesario que os/as aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

A) Pertencer a calquera dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.

B) Os estranxeiros que non pertencen a algún dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ó que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.

C) Ter cumpridos os 18 anos de idade.

D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.

E) Non estar afectado por motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de Incompatibilidades referidos ó persoal das Administracións Públicas.

F) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

G) Deberán acreditar estar en posesión de, como mínimo, título de graduado en educación secundaria obrigatoria, correspondente ó grupo C2 dos establecidos no art. 76 da Lei 7/2007, de 12

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

4º.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os/as aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias, xunto co resto de documentación, no Rexistro Xeral deste Concello, Sede Electrónica do Concello (require certificado dixital) ou por calquera dos medios previstos no artigo 36.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Copia do DNI.
- Título de graduado en ESO ou equivalente.
- Certificado médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican nas probas.
- Orixinal ou copia cotexada do título que acredite o coñecemento do idioma galego.
- De telo superado, certificado de realización do curso de formación da Academia Galega de Seguridade.
- Declaración xurada de reunir os requisitos e) e f) establecidos no punto anterior.

A publicación da convocatoria farase segundo se establece no artigo 47.1 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, mediante anuncio no diario de maior tirada de Galicia e no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias procederase á comprobación das solicitudes e ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, e establecerase o prazo de presentación de reclamacións.

Transcorrido o prazo anterior ditarase resolución aprobando a lista definitiva de admitidos e fixarase o lugar e a data e hora de comezo das probas, así como a composición do tribunal.

Tanto a resolución provisional como a definitiva faranse públicas mediante exposición no taboleiro de anuncios do concello.

5ª.- OBRIGAS DOS ASPIRANTES DE CONCORRER ÁS PROBAS. Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impedira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

Farase un único chamamento por cada aspirante e este deberá identificarse mediante documento que acredite a súa identidade.

A orde de chamamento será a que determine o tribunal.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

6º. TRIBUNAL. O tribunal encargado da selección de persoal estará constituído da forma seguinte:

- Un/ha Presidente/a.
- Un/ha Secretaria.
- Tres Vocais.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer a incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

O Tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

O tribunal non poderá declara aprobado ou superado o proceso selectivo por un número de aspirantes que resulte superior ao de prazas convocadas.

Para o non previsto nas presentes bases aplicarase a normativa referente ó ingreso de persoal das Administración Públicas.

FASE DE OPOSICIÓN

Esta fase constará das seguintes probas:

A. PROBAS SELECTIVAS

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares contratados polos concellos, son as que se describen a continuación:

1. Comprobación da estatura e probas de aptitudes físicas.

- Comprobación da estatura.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos con os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

- Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizaranse nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41cm	33cm	29cm
Mulleres	32cm	28cm	25cm

Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4 minutos 30 segundos	5 minutos	5 minutos 15 segundos
Mulleres	5 minutos	5 minutos 30 segundos	5 minutos 45 segundos

2. Probas de coñecementos

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/5$.

Sendo N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

3. Proba específica sobre coñecementos do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

4. Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoos ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificares como apto ou non apto.

Sen embargo as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredite ter, como mínimo, o CELGA 3, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

B. TEMARIO

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

C. RELACIÓN DE APROBADOS/AS

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha lista destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

D. CURSO DE FORMACIÓN

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.